



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS POLO ALUMNADO DAS FACULTADES DE HISTORIA E BELAS ARTES DA UNIVERSIDADE DE VIGO EN CENTROS DEPENDENTES OU XESTIONADOS POLA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura e Turismo da Consellería de Cultura e Turismo,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral Técnica ten previsto formalizar coa Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á súa sinatura e por catro anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular un programa de prácticas académicas externas entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Universidade de Vigo para facilitar a preparación para o exercicio profesional do estudantado nas áreas operativas que se identifican na cláusula segunda e relacionadas coa súa formación universitaria e as posibles saídas profesionais desde os estudos cursados na Universidade de Vigo. Así, promoverase o futuro desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral das futuras persoas tituladas universitarias.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo da práctica constitúe unha das preocupacións da Universidade de Vigo. Por iso ten a vontade de potenciar a realización de actividades de formación práctica do seu alumnado.

A Consellería de Cultura e Turismo ten interese en colaborar no sistema de formación práctica do alumnado da Universidade de Vigo.

Ambas as dúas partes consideran necesario un maior acercamento entre o ámbito da práctica co obxecto de facilitar a futura inserción laboral dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas, acadando ao mesmo tempo a mellor cualificación e futura adaptación aos postos de traballo demandados polas empresas e organismos de investigación

A razón que xustifica a sinatura deste convenio coa Universidade de Vigo é dar resposta a unha demanda crecente na sociedade actual que precisa de persoas expertas e cualificadas para atender as accións educativas que se desenvolven en contornos naturais promovidas tanto desde o ámbito educativo formal como non formal. A Universidade de Vigo é o centro de referencia para o alumnado da contorna do sur de Galicia, polo que se pretende asinar un convenio de colaboración coa dita Universidade sen prexuízo da sinatura doutros convenios de colaboracións con outras universidades ata o limite que permita o numero de prazas dispoñibles.

Nesta liña, a Consellería vén establecendo convenios con outras universidades para a realización de prácticas externas dos seus alumnos en centros dependentes da Consellería, tal e como sucede coa Universidade de Santiago, a Universidade da Coruña e a Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) para a realización de prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares do seu alumnado en arquivos e museos da Consellería, ou incluso coa propia Universidade de Vigo para a realización igualmente de prácticas externas dos alumnos da Facultade de Filoloxía e Tradución, e mesmo recentemente, da Facultade de Historia, no curso académico 2018-2019.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

